

GRAO DE SOCIOLOXÍA

www.socioloxia.udc.es



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

QUE SE ESTUDA NO GRAO DE SOCIOLOXÍA?



A socioloxía dedícase a estudar a evolución das sociedades contemporáneas e a analizar como os procesos sociais que nelas se desenvolven afectan ao comportamento humano, á interacción entre individuos e ás traxectorias persoais. Asemade, dá conta de como as accións, experiencias e oportunidades das persoas están modeladas pola súa posición na estrutura social e dependen de categorías socialmente construídas como a clase social, o xénero e a etnia.

É dicir, a socioloxía é a ciencia que estuda a realidade social e describe e explica o funcionamento social dos individuos: como pensan e se comportan as persoas e como de diversas poden ser as nosas identidades sociais, as nosas relacións interpersoais e as prácticas que as conforman.

Para iso, a titulación do Grao en Socioloxía dedica unha ampla parte das súas materias a comprender teoricamente as relacións entre os individuos e as sociedades e incorpora materias dedicadas á aplicación práctica das metodoloxías e técnicas de investigación e análise propias das ciencias sociais. Entre elas, o peso fundamental atópase na estatística, as técnicas de análise multivariante e as técnicas etnográficas conducentes á análise do discurso e da narrativa.



PRIMEIRO CURSO

1º Cuatrimestre

- Antropoloxía social e cultural B 6 Cts
- Estatística aplicada ás ciencias sociais 1 O 6 Cts
- Introducción á socioloxía B 6 Cts
- Psicoloxía social B 6 Cts
- Teoría sociolóxica 1 O 6 Cts

2º Cuatrimestre

- Economía política B 6 Cts
- Hª política e social contemporánea B 6 Cts
- Introducción á ciencia política e da administración B 6 Cts
- Métodos e técnicas de Investigación social B 6 Cts
- Teoría e historia da poboación O 6 Cts

SEGUNDO CURSO

1º Cuatrimestre

- Estatística aplicada ás ciencias sociais 2 O 6 Cts
- Estrutura e cambio social O 6 Cts
- Socioloxía do traballo O 6 Cts
- Socioloxía do xénero B 6 Cts
- Teoría sociolóxica 2 O 6 Cts

2º Cuatrimestre

- Análise multivariante de datos sociais O 6 Cts
- Relacións internacionais B 6 Cts
- Sistemas políticos comparados B 6 Cts
- Socioloxía da educación O 6 Cts
- Socioloxía económica e das organizacións O 6 Cts

TERCEIRO CURSO

1º Cuatrimestre

- Análise demográfica O 6 Cts
- Desviación e control social O 6 Cts
- Metodoloxía da investigación por enquisas O 6 Cts
- Socioloxía da familia O 6 Cts
- Socioloxía política O 6 Cts

2º Cuatrimestre

- Política social e servizos sociais O 6 Cts
- Socioloxía da comunicación e da opinión pública O 6 Cts
- Socioloxía da saúde e a enfermidade O 6 Cts
- Socioloxía do consumo e investigación de mercados O 6 Cts
- Socioloxía urbana e ordeamento do territorio O 6 Cts

CUARTO CURSO

1º Cuatrimestre

- A función dos recursos humanos na empresa O 4,5 Cts
- Acción colectiva e cooperación social O 4,5 Cts
- Análise de políticas públicas O 4,5 Cts
- Análise sociolóxica de textos e discursos O 4,5 Cts
- Crecemento e desenvolvemento económico O 4,5 Cts
- Estrutura e cambio social de Galicia O 4,5 Cts
- Fontes de datos secundarios para o estudo da sociedade O 4,5 Cts
- Globalización, medio ambiente e poboación O 4,5 Cts
- Historia das ideas e formas políticas O 4,5 Cts
- Metodoloxía da investigación etnográfica O 4,5 Cts
- Metodoloxía, técnica e estratexias para o deseño e elaboración de proxectos e traballos de investigación O 4,5 Cts
- Proxeccións de poboación O 4,5 Cts
- Relacións grupais e intervención psicosocial O 4,5 Cts
- Risco, cultura e medio ambiente O 4,5 Cts
- Socioloxía da cultura e proxectos socioculturales O 4,5 Cts
- Socioloxía das migracións O 4,5 Cts

2º Cuatrimestre

- Prácticum O 12 Cts
- Traballo de grao O 12 Cts

B Formación básica O Obligatoria O Optativa

Máis información en www.socioloxia.udc.es

 Facultade De Socioloxía Udc  fdesociologiaudc



COMO PODO ENFOCAR A MIÑA TRAXECTORIA ACADÉMICA?

Aínda que as materias optativas do Grao non se cursan ata o cuarto ano, pódense completar os itinerarios formativos de diferentes xeitos:

1

A través da **INTERNACIONALIZACIÓN DOS ESTUDOS** que pode realizarse por medio do programa Erasmus. Nesta facultade promocionamos a mobilidade internacional a través de Erasmus+ (estudar algunhas materias en universidades coas que temos convenio, pode realizarse a partir de terceiro curso), do Sistema de Voluntariado Europeo Erasmus+ que xestiona directamente a Fundación Paideia (pode realizarse durante calquera ano dos estudos de grao) e o Programa de Practicum Internacional Erasmus+ (prácticas curriculares no cuarto ano) que organiza a Oficina de Relacións Internacionais da UDC, pero que apoiamos desde a propia facultade.

Os/as profesionais de apoio á mobilidade internacional son:

Matilde Massó Lago

Titora Erasmus+

Extensión: 4834

m.massos@udc.es

<https://pdi.udc.es/gl/File/Pdi/YJ8QJ>

Begoña Crespo García

Directora da Oficina de Relacións

Internacionais/coordinadora institucional Erasmus

Extensión: 1973

erasmus@udc.gal

Cristina Rodríguez

Fundación Paideia

Praza María Pita, 17

Tlfo: 981 226 777

sve@paideia.es

www.paideia.es

2

Mediante a realización de **PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES** que son unha actividade de natureza formativa. Teñen como obxectivo permitir ao estudantado complementar e aplicar os coñecementos adquiridos a través da súa formación académica. As prácticas favorecen a adquisición de competencias para o exercicio de futuras actividades profesionais polo que favorecen a súa empregabilidade. Sempre contan coa supervisión dun/ha docente da facultade e cun/ha titor/a profesional. Trátase de prácticas voluntarias, escollidas polo propio/a alumno/a; incluso vós mesmos/as podedes propor empresas en que queirades facer prácticas e coas que a UDC podería asinar un convenio para tal fin. Cómpre ter superado o 50% dos créditos do grao (incluída a formación básica).

Docente responsable:

Laura Román Masedo

Extensión: 4822

laura.roman@udc.es

<https://pdi.udc.es/gl/File/Pdi/BJ3AF>

3

Tamén se considera a posibilidade de participar en **ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO E DE RESPONSABILIDADE SOCIAL**. A UDC conta coa Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) que todos os anos ofrece interesantes cursos, seminarios, xornadas... aos que se pode asistir para mellorar a nosa formación e medrar en valores éticos e espírito crítico

Oficina de Cooperación e Voluntariado

Facultade de Socioloxía e Comunicación

Andar primeiro

Director: **Jesús Cendán**

Extensión: 1740

<https://www.udc.gal/gl/ocv/>

4

Para calquera dúbida ou asesoramento que necesitedes ao longo dos vindeiros catro anos non dubidedes en consultala coa persoa responsable do **PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**. Este programa ten como obxectivo precisamente garantir que o alumnado da facultade escolle a mellor oferta formativa, ao mesmo tempo que pode participar mediante propostas a mellorar a calidade do noso título.

Persoa responsable:

Montserrat Golías Pérez

Extensión: 4805

montserrat.golias@udc.gal

<http://pdi.udc.es/es/File/Pdi/727FF>

Ademais, non vos esquezaades de participar na vida académica da facultade. Ao longo do curso, o persoal docente programa moitas actividades culturais e intelectuais ás que estades convidados/as. Sen dúbida, a vosa colaboración é indispensable para a creación dun ambiente intelectual.





¿ONDE NOS ATOPARÁS?

*Facultade de Socioloxía
Campus de Elviña s/n
15071 - A Coruña (Galicia) España
Tlf: 981 167 000*

www.socioloxia.udc.es

socicoru@udc.es

 **Facultade De Socioloxía Udc**

 **fdesociologiaudc**